



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



ANABEL CORRAL CORRAL SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o Alcalde con data once de abril de dous mil trece, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 82 / 2013

Data decreto: 11/04/2013

Descrición decreto: Nomeamento persoal laboral temporal xerocultor/ auxiliar de xeriatria para cobertura maternidade.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o parte médico de alta por incapacidade temporal e de baixa por maternidade da xerocultora/ auxiliar de xeriatria M^a Luz Costoya García.

Vistos os movementos de bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de xerocultor/auxiliar de xeriatria creada por decreto n^o 49/2012 de data 7/03/2012 e os escritos presentados por cada unha das candidatas que forman parte da bolsa:

Dna. Ana M^a Brea Iglesias con DNI n^o 76359457D causa baixa con efectos do día 08/04/2013 por estar contratada por IT de M^a Luz Costoya García.

Dna. Noelia Pena Garea con DNI n^o 79334059K con entrada n^o 554 en data 11/04/2013 no que acredita que se atopa traballando, polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Esta Alcaldía en uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como xerocultor/auxiliar de xeriatria a Ana M^a Brea Iglesias con DNI n^o 76359457D.

Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base oitava á presentación pola interesada de:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.
- Currículum actualizado con copia compulsada de todos os títulos.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado anterior, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requirida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 15/04/2013, sendo a duración mentres esté de baixa por maternidade M^a Luz Costoya García.

Boimorto once de abril de dous mil trece

O Alcalde

Perante min:


A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Anabel Corral Corral>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, en BOIMORTO, a 15 de abril de 2013

Vº Pr.
O Alcalde



Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

